

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL NEGREIRA

Relación de aprobados/as e requirimento de documentación nos procesos selectivos de persoal laboral fixo da OPE extraordinaria de estabilización do Concello de Negreira

ANUNCIO

Con data de 11 de outubro de 2024 ditouse o Decreto de Alcaldía número 354 cuxo contido é o seguinte:

“Expte. TEDEC: 2023/E002/000004 (OPE)

Expte. TEDEC: 2024/G003/000383 (Decreto)

Asunto: APROBACIÓN DA RELACIÓN DE PERSOAS APROBADAS E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN NOS PROCESOS SELECTIVOS DE PERSOAL LABORAL FIXO DA OPE EXTRAORDINARIA DE ESTABILIZACIÓN DO CONCELLO DE NEGREIRA.

DECRETO

Don Manuel Ángel Leis Míguez, Alcalde-Presidente do Concello de Negreira, na provincia de A Coruña.

Vista a necesidade de adoptar unha resolución sobre o procedemento a que se refire este decreto en aras dos principios de eficacia e celeridade administrativa recollidos na Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

Vistas as Bases que regulan o proceso de selección aprobadas por Resolución de Alcaldía do 20 de decembro de 2022 e publicadas no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Negreira (<https://sede.concellodenegreira.es/sxc/es/informacion/>) e na páxina web municipal (www.concellodenegreira.gal) e publicadas no BOP núm. 243 do día 26 de decembro de 2022.

Vistas as propostas de nomeamentos formuladas para as prazas que se relacionan no cadro adxunto relativas á convocatoria da OPE extraordinaria para a estabilización do emprego temporal do Concello de Negreira e contidas nas actas finais do Tribunal de Selección (publicadas con data de 9 de outubro de 2024 na sede electrónica e na web municipal).

Tendo en conta as atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e na aplicación do art.10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do réxime xurídico do sector público.

RESOLVO:

Primeiro: Acepta-las propostas de nomeamento efectuadas polo Tribunal de Selección de conformidade co establecido nas bases específicas dos diferentes procesos selectivos:

Nome e Apellidos	DNI	Posto
María Azucena Antelo García	****691-L	Auxiliar Administrativo/a (persoal laboral fixo a xornada completa)
María Celia Fernández Cebey	****955-S	Limpador/a (persoal laboral fixo a xornada completa)
Silvia Andrade Raña	****249-B	Limpador/a (persoal laboral fixo a xornada completa)
Blanca Vázquez Cobas	****399-G	Limpador/a (persoal laboral fixo a xornada completa)
Mª del Carmen Regueiro Dopazo	****356-R	Educador/a Infantil (persoal laboral fixo a xornada completa)
María Gorgal Leis	****065-P	Educador/a Infantil (persoal laboral fixo a xornada completa)
Irene Turnes Sendón	****384-Q	Coidador/a Infantil (persoal laboral fixo a xornada completa)
Lourdes Carballo García	****299-V	Coidador/a Infantil (persoal laboral fixo a xornada completa)
Estefanía Regueira Sueiro	****065-D	Coidador/a Infantil (persoal laboral fixo a xornada completa)
Emilio José Forján Martínez	****004-E	Locutor/a Redactor/a (persoal laboral fixo a xornada completa)
Ovidio Martínez García	****989-A	Locutor/a (persoal laboral fixo a xornada completa)
Cristina Paramos Suárez	****217-L	Peón de limpeza viaria (persoal laboral fixo a xornada completa) Diversidade funcional
Francisco Esturao González	****144-Y	Peón de limpeza viaria (persoal laboral fixo a xornada completa) Diversidade funcional
Gonzalo Trillo Suárez	****965-X	Oficial de 2ª (persoal laboral fixo a xornada completa) Diversidade funcional

Segundo: Publicar o presente decreto no Boletín Oficial da Provincia (BOP) e no taboleiro de anuncios do Concello de Negreira, e ós sos efectos informativos, na páxina web municipal.

Terceiro: Establecer que as persoas recollidas na táboa do punto primeiro deberán presentar no prazo de vinte (20) días a documentación que se relaciona a continuación de acordo coa base décimo terceira das bases xerais que regulan o presente procedemento (BOP da Coruña nº 243, do 26 de decembro de 2022):

a) Título oficial esixido para o ingreso, e no seu defecto, xustificante de ter efectuado o depósito para obtelo. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión de credencial que acredite a súa homologación ou estar en condicións de obtelo na data de remate do prazo de presentación da documentación

b) Declaración xurada de non estar separada, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha administración pública, nin estar inhabilitada para o exercicio de funcións públicas.

c) Declaración xurada de non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade, de conformidade coa lexislación vixente e referida ao momento da súa toma de posesión.

d) Certificado do número de conta bancaria.

e) Documento da Seguridade Social onde conste o correspondente número de afiliación, no seu caso.

f) Documentación xustificativa daqueles outros requisitos esixidos para o ingreso nas bases específicas de cada proceso selectivo.

g) As persoas aspirantes deberán presentar certificado médico oficial que acredite que posúen as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas para o exercicio das funcións e tarefas das prazas convocadas. Todo isto sen prexuízo de posterior recoñecemento médico a efectuar polo Servizo de Prevención do Concello de Negreira.

h) Cando as bases específicas esixan non ter delitos de natureza sexual, sempre e cando transcorreran máis de seis meses dende a presentación da instancia, aportarán novamente o certificado de non ter delitos de natureza sexual.

Esta documentación presentarase preferentemente por vía electrónica a través de rexistro electrónico dirixida ao Servizo de Recursos Humanos do Concello de Negreira. Poderá tamén presentarse en calquera das formas que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Cuarto: Dar traslado do presente acordo aos servizos municipais responsables para a súa tramitación.

Quinto: Dar conta desta resolución ó Pleno da Corporación na próxima sesión ordinaria que celebre.

Negreira, na data da sinatura electrónica.

Ante mío

O Alcalde

A Secretaria da Corporación

Manuel Ángel Leis Míguez

Miriam Naveira Dono

Negreira, 14 de outubro de 2024.

O Alcalde

Manuel Ángel Leis Míguez

2024/7232